

SEMÁNTICA

A **semántica** estuda o significado das palabras.

Unidades:

- **Sema:** os semas son os trazos significativos das palabras. Ex: cadeira: *asento, con respaldo, con patas...*
- **Semema:** conxunto de todos os semas que se asocian a un lexema.
- **Lexema:** é a unidade mínima dotada de significante e significado. Ex: *cadeira, sofá...*

O conxunto de palabras que teñen *un ou máis semas comúns e algún oposto ou diferenciador* forman un **campo semántico**. Ex: campo semántico dos asentos: *cadeira, banco, banquetta, sofá, escano, tallo*. Semas: *obxecto para se sentar as persoas, con respaldo, para unha persoa, con brazos, con patas, baixo...*

A organización dos campos semánticos non ten por que ser permanente no tempo e universal en todas as linguas.

A **denotación** móstranos os semas que configuran a palabra sen ter en conta o contexto, é o significado obxectivo. Pola contra, a **connotación** ten en conta o contexto e fai referencia aos elementos subxectivos. Ex: *formiga* -denotación: o bicho // connotación: traballador/a)

Non sempre se corresponde un significante cun significado, hai diferentes relacións entre as unidades semánticas que favorecen a comunicación:

1.- **A antonimia:** oposición de significados, relación de incompatibilidade.

1.1.- Complementarios *ou* privativos: exclúense un ao outro, non admiten graduación, comparación. Ex: *esquerda-dereita*.

1.2.- Antónimos graduais: non se exclúen totalmente, hai graos intermedios. Ex: *frío-quente*.

1.3.- Inversos ou recíprocos: son dous aspectos dunha mesma relación ou concepto, a presenza dun supón a existencia do outro. Ex: *avoa/neta, vender/comprar*.

Pola súa formación poden ser léxicos (palabras diferentes: *xenro/sogro*) ou gramaticais (mediante prefixos: *feliz/infeliz*).

2.- **A sinonimia:** un mesmo significado ten varios significantes (varias palabras significan o mesmo).

Os sinónimos perfectos son moi escasos, sempre hai matices de uso, afectivos, etc.

Ex: *dentista/estomatólogo* son o mesmo pero unha é moito máis culta. Outros exemplos: *ledicia/alegría, falador/falagueiro, perna/pata...*

3.- **A polisemia:** un significante ten varios significados.

É beneficiosa para a lingua xa que reduce o número de palabras para memorizar.

As principais causas de polisemia son:

- A linguaxe figurada: *ollo* (parte da cabeza-oco dunha ponte), *cabeza* (parte do corpo/guíá, dirixente).

- A especialización nun medio social: *fondo* (profundidade/investimento), *operación* (a matemática/a

cirúrxica).

- Os cambios de aplicación: *niño* (cama dos paxaros/cama de delincuentes).

4.- **A homonimia:** sincronicamente -no momento- é un significante con varios significados, mais diacronicamente -na historia das palabras- son tamén diferentes significantes (e así figuran nos dicionarios).

4.1.- Homonimia absoluta: *río* (eu río/canle de auga), *cal* (o das paredes/canle).

4.2.- Homonimia parcial:

-**Homófonos (non homógrafos):** pronúncianse igual pero escríbense de xeito diferente: *abano* (para dar aire)- *habano* (de Cuba); *balor* (mofo) - *valor* (valentía).

-**Homógrafos:** escríbense igual e tamén se pronuncian do mesmo xeito (homófonos): *queixo* (parte da cabez) - *queixo* (o feito de leite).

A homonimia pode ser provocada pola evolución fonética converxente ou polos préstamos doutras linguas.

5.- **As relacións de inclusión ou xerarquía:**

5.1.- **Hiponimia:** é a relación de significado entre un termo máis específico (subordinado) e outro máis xeral: *can-animal*, *caravel-flor*, *león-mamífero* (hipónimo-hiperónimo)

5.2.- **Hiperonimia:** é a relación de significado entre un termo máis xeral e outro máis específico: *mamífero-gato* (hiperónimo-hipónimo).

5.3.- **Cohiponimia:** é a relación entre hipónimos dun mesmo hiperónimo: *can/gato* (en relación a *mamíferos*).

6.- **Os cambios semánticos:** mudanzas de significado. As causas son variadas:

- *Lingüísticas:* contaxio (*lince:* animal / *lince:* que as pilla todas), elipse (*liña* por *coche de liña*).
- *Históricas:* *pluma* (a da ave pasou a ser tamén instrumento de escribir).
- *Socio-culturais:* *vándalo* (pasou de ser un pobo determinado a aplicarse ao que destrúe todo). Cómpre tamén falar do **tabú** que son palabras consideradas vulgares, inoportunas ou con connotacións negativas. Destacan as relacionadas coas funcións corporais (*cu*, *cagar...*), coa morte, etc. Estas palabras "feas" (disfemismos) son substituídas por outras que as atenúan ou encobren (**eufemismos**). Ex: a palabra *retrete* deixou de usarse e foi substituída por unha adaptación do inglés *váter*, que pasado un tempo tamén se converteu en disfemismo e tivo que ser reemprazada por outras como *lavabo*.

A FORMACIÓN DE PALABRAS EN GALEGO

A **morfoloxía** é a parte da gramática que estuda a forma das palabras (de como se constrúen, de onde proceden, etc.). As palabras adóitanse clasificar nas categorías xerais seguintes: substantivos, adxectivos, verbos, adverbios, preposicións, conxuncións, artigos, demostrativos, posesivos, numerais, indefinidos, exclamativos e interrogativos.

O **morfema** é a unidade mínima dotada de significado e de significante. Ex: a palabra **lobos**, está construída polos morfemas **lob-** (significado léxico), **-o-** (o sexo do animal), **-s** (número, máis de un).

1. Morfemas léxicos ou lexemas: presentan o significado referencial, central, que é común a todas as palabras da mesma familia léxica. Este significado atópase nos substantivos, adxectivos e nos verbos. Ex: **mozo**, **moza**, **mocidade**...

2. Morfemas gramaticais: achegan o contido gramatical das palabras (xénero, número, tempo, persoa, modo e aspecto).

2.1. Morfemas gramaticais **libres:** constitúen por si mesmos palabras (preposicións, conxuncións, pronomes, etc.).

2.2. Morfemas gramaticais **ligados ou trabados:** van soldados aos morfemas léxicos na mesma palabra.

2.2.1. Os ligados poden ser **flexivos** ou **desinenciais:** indican o xénero e o número das palabras nos substantivos, adxectivos, determinantes e algúns pronomes, e o tempo, modo, aspecto, número e persoa nos verbos. Sitúanse sempre na parte final da palabra.

2.2.2. Ou **derivativos ou afixos:** son os que se engaden ao lexema para formar derivados, novas palabras. Segundo a súa posición dentro da palabra: **afixos (prefixos** -antes do lexema- e **sufixos** -ao final da palabra-) e os **infixos (interfixos)**.

A FORMACIÓN DE PALABRAS

O **estrato**, a base do léxico galego, é o **latín** traído polos romanos. Hai tamén achegas dos pobos que habitaban a nosa terra (**substrato:** preindoeuropeos e indoeuropeos. Ex: *carballo*, *burato*) antes da romanización e de linguas posteriores á romanización (**superestrato**) como os xermánicos (Ex: *gañar*, *roubar*) e os árabes (Ex: *laranxa*, *azucra*).

Canto ao léxico latino, as palabras introducidas no primeiro momento e que sufriron a transformación normal co paso do tempo son as **patrimoniais** (Ex: *chan*), as que entraron despois pero aínda sufriron transformacións, denominadas **semicultas** (Ex: *praga*) e as incorporadas tardiamente que case non sufriron cambios, os **cultismos** (Ex: *plano*)

A formación de palabras por procedementos internos

As linguas son coma seres vivos en constante transformación, vanse creando palabras e desaparecendo outras. Os falantes poden acudir a **préstamos** doutras linguas (castelanismos, lusismos, anglicismos, galicismos...) ou usar os mecanismos que a propia lingua ten para incorporar vocábulos, o máis común é a derivación.

1.- **Derivación:** (*morfema*)+*lexema*+(*morfema*). É o procedemento máis común para formar palabras sobre unha primitiva.

1.1.- **Derivación prefixal.** A maioría dos prefixos son de orixe grega e latina:

- Prefixos **gregos:** *a/an-*, *arqui-*, *ex-*, *hiper-*, *peri-*...
- Prefixos **latinos:** *bis-*, *re-*, *extra-*, *vice-* ..

Moitos radicais grecolatinos funcionan como prefixos na lingua: *electro-*, *aero-*, *euro-*, *foto-*, *macro-* *neo-*, *tele-*, *radio-*, *video-*...

1.1.1.- Prefixos apreciativos (valor intensificador):

arqui-, *extra-* *hiper-*, *pre-*, *re-*, *sobre-* *super-*...

1.1.2.- Prefixos nocionais (modifican o contido do lexema):

negación: *a-*, *anti-*, *contra-*, *des/dis-*, *in-*...

lugar: *entre-/intra-*, *meta-*, *retro-*, *sobre/super-*, *sub*, *tras/trans*, *ultra*...

tempo: *ante-*, *pos-*, *pre-*...

cantidade ou tamaño: *bis/bi-*, *multi-*, *pluri-*, *semi-*, *uni-*...

1.2.- **Derivación sufixal.** O sufixo é un morfema ligado que serve para formar novas palabras.

1.2.1.- Sufixos **alterativos ou apreciativos**(achegan matices de tamaño ou afectividade):

- diminutivos: *-iño* (valores afectivos, etc.), *-acho*, *-echo*, etc..
- aumentativos: *-ón*, *-án*, *-azo*, *-ata*, *-udo*...
- despectivos ou pexorativos: *-exo*, *-astro*, *-orra*, *-uza*, *-ete*...

intensificadores: *ísimo*, *érrimo*.

1.2.2.- Sufixos **nocionais**(forman novas palabras con significado diferente)

eiro: home/muller que exerce as funcións de..., colectivo ou conxunto de, lugar onde hai, profesión, plantas ou árbores, recipiente, etc.

a) Sufixos formadores de **substantivos**:

- desubstantivais: *-ado/a*, *-axe*, *-eiro*, *-ismo*, *-ista*...
- deadxectivais: *-dade*, *-eza*, *-ismo*, *-ume*...
- deverbais: *-ción*, *-deiro/a*, *-dela*, *-dor*, *-mento*...

Polo significado: colectivo (*-al*), *locativo* (*-al*, *-eiro*), acción (*-ación*, *-axe*), ocupación (*-eiro*, *-ismo*), doutrina (*-ismo*), etc...

b) Sufixos formadores de **adxectivos**:

- desubstantivais: *-al -és, -oso...*
- deverbais: *-ble, -nte, -ón/ona...*

Polo significado: caracterizador (*-ble, -az, -ado*), relativo ou pertencente a (*-al- ar, -exo*), xentilicio (*-és, -eiro, -an/ano/ao*)

c) Sufixos formadores de **verbos** (a maioría dos verbos fórmanse sobre a primeira conxugación):

- desubstantivais: *-ar, -ear, -izar...*
- deadxectivais: *-ar, -ear, -ecer, -ificar...*
- deverbais: *-iñar, iscar..*

d) Sufixos formadores de **adverbios**: *-mente*

A derivación pode tamén ser prefixal e sufixal (parasíntese).

2.- **A composición:** (*lexema+lexema*)

2.1.- Imperfecta ou xustaposta: os dous elementos conservan o seu valor e corpo fonético.

2.2.- Perfecta ou aglutinada: pérdese a noción de composición.

quebranoces, lavalouza, salvavidas, gardalamas, bulebule, sapoconcho, beiramar, beirarrúa, lobishome, lobicán, augaforte, augardente, augamariña, camposanto, xordomudo, agridoce, clarividente

3.- **A parasíntese: (morfema)+lexema+lexema+(morfema)**. Ex: *augardenteiro*.

4.- Os **acrónimos**: palabras formadas con siglas ou iniciais. Ex: *ONU, DOG*.

NB.- **Familia léxica (campo léxico)**: conxunto de palabras derivadas, compostas e parasintéticas formadas a partir da mesma palabra primitiva. Este concepto está relacionado coa forma e non co significado. Ex: *dente, dental, adentar, dentadura, dentífrico, dentista, denteira...*